

# Pola derogación do plus dos altos cargos

O pasado día 17 de setembro entrou en vigor a Lei 13/2007, do 27 de xullo, de reforma da Lei da función pública galega (LFPG), aprobada no Parlamento Galego o 17 no xullo. Con ela introduciuse unha disposición adicional 17ª que supón un **novo beneficio salarial** para aqueles funcionarios e funcionarias que ocupasen cargos públicos de designación política ou diferentes cargos representativos.

Mediante esta reforma, os funcionarios e funcionarias ex altos cargos **obteñen de por vida un complemento de destino de 14.721 euros anuais** (o establecido para os directores xerais), que incrementa en 3.000 euros o máximo nivel de complemento de destino existente na carreira administrativa (o nivel 30). Ademais, esténdese a funcionarios e funcionarias que exerceran de **alcaldes, deputados, senadores, cargos do poder xudicial e outros cargos de representación institucional**, seguindo o modelo do Estatuto básico do empregado público, aprobado a nivel estatal e que xa contara no seu momento coa oposición da CIG.

Desde a CIG, entendemos que o correcto sería aproveitar esta reforma da LFPG para **rebaixar os privilexios dos funcionarios e funcionarias que ocuparon cargos de designación política**, como o seu sistema acelerado de consolidación do nivel 30 (11.721 euros anuais) polo simple desempeño dun alto cargo durante dous anos continuados ou tres con interrupción, introducido por Lei 2/1998, do 8 de abril. Ao contrario, o que se fai é aumentar ese complemento en **3.000 euros máis**, creando unha **casta privilexiada** composta polos funcionarios e funcionarias que ocuparon nalgún momento postos de designación política e que

perciben por tal motivo unha retribución á que ningún outro servidor público pode aspirar, por exemplar e brillante que sexa a súa carreira.

Igualmente, a medida é discriminatoria, inxusta e desproporcionada en relación con todos os **ciudadáns e cidadás que non son funcionarios públicos** e nalgún momento da súa vida desempeñan cargos públicos ou de representación política; ou co resto da clase traballadora para os que 14.721€ representa máis que o seu salario de todo o ano.

A CIG entende que esta forma de proceder é reflexo dunha **concepción elitista da función pública**, pola que se crea e prima un corpo de elite, os funcionarios e funcionarias que ocuparon cargos públicos ou de representación política, coa agravante de que se fai con importantes custos para o erario público. Igual de elitistas son as medidas que contemplan os Orzamentos do Estado para 2008, como o incremento dos salarios no 3,5% (0,5% máis que o IPC previsto) ou o establecemento dunha indemnización por cesamento para os deputados que leven máis de dous anos no Parlamento.

Diante destes feitos, que a CIG considera inxustos, discriminatorios e elitistas, decidimos levar adiante diversos **actos de protesta e mobilizacións**, así como manter **reunións cos tres grupos parlamentarios**, para que procedan a derogar a disposición adicional 17ª da LFPG, así como outros mecanismos legais de consolidación acelerada de grao, como os contidos na Lei 2/1998, do 8 de abril. Se estas medidas non resultasen suficientes, promoveríamos unha **Iniciativa Lexislativa Popular** co fin de forzar o debate no Parlamento Galego para a anulación deste plus.

26 de setembro de 2007, ás 11.30 horas,  
concentración diante da sede da Xunta de Galiza  
(San Caetano, Santiago de Compostela).



Confederación Intersindical Galega

[www.galizacig.com](http://www.galizacig.com)